Revista nº21

XUÑO 2025



CEE

INFANTA ELENA

Índice

01 **Alumnado novo**

02 **Aulas**
Grupos I, II, III
PFB Restauración
PFB Xardinería

03 **Especialidades**
Inglés
Educación Física
Relixión
Audición e Linguaxe
Música

04 **Orientación**

05 **Equipos**
Dinamización da Lingua Galega
TIC
Biblioteca escolar
Extraescolares
Benestar e convivencia

06 **Innovación**
Meteoescolas excelentes
Voz Natura
Leolab
PFPP
- Liñas: TICS e Polos Creativos

07 **Graduacións e xubilacións**

08 **Comunidade educativa**
Fisioterapeuta
Educadoras
Coidadoras e coidadores

09 **Internado**













1 Alumnado novo

Este ano 2024/2025 no CEE Infanta Elena damos a benvida a:



Ainhoa



Iker



Sheila

Énchenos de alegría telos connosco neste curso escolar. Esperamos que o próximo curso sigamos crecendo, aprendendo e desenvolvendo todo o noso potencial. Todo o persoal do centro continuarémosvos apoiando en cada paso do camiño, celebrando todos os vosos logros e contribuíndo a facer do CEE Infanta Elena un lugar mellor.



Emeli



Alex

2 Aulas:

GRUPO I

Aos rapaces do grupo 1 encántannos as festas!!!
















Pero non todo vai ser troula, tamén traballamos moito!!!






















Pero sempre nos divertimos un montón!!



















2 Aulas: GRUPO II

RUTINAS









TAREFAS



ANDRÉ



LEO




EMILY




HUGO

XOGAMOS, NOS RELAXAMOS E APRENDEMOS.















2 Aulas:

GRUPO III

O grupo III ensinanos un pouco do noso percorrido durante este ano.















Todos contribuímos co noso esforzo e apoiándonos mutuamente.











Cada un achegou algo único, superamos desafíos, organizado actividades e creado recordos que quedarán para sempre.





Non somos un grupo, somos unha familia.




2 Aulas: PF RESTAURACIÓN

O alumnado do PF de Restauración este curso 2024-2025 somos: María, Joel, Adrián, Álex e Iván.







Realizamos actividades dentro e fóra do colexio:

ACTIVIDADES DENTRO DO CENTRO:

- Traballo en aula: manexo dos euros, horas, cálculo, lectoescritura, actividades coas novas tecnoloxías...







- Traballo na cafetería: servizo de cafés, montaxe do comedor, organización de festexos como o Samaín ou o Magosto, preparación para campionatos...













ACTIVIDADES FÓRA DO CENTRO

- Visitas ao supermercado: nas que mercamos os produtos que precisamos para as elaboracións na cafetería.




- Saídas á contorna do centro: paseos, visitas a algunha cafetería...


- Campionatos: cata de cafés e baristas.









- Excursións: feiras de innovación, visita a unha granxa, camiño de inverno, a Pantín para surfear...








2 Aulas:


PF XARDINARÍA

Neste curso 2024-25 continuamos traballando de xeito coordinado aula e taller.
O noso grupo está composto por alumnado de 1º curso: Adrián , Daniel, Ainhoa e Iker e de 2º curso: Rico, Marly e Lorena.
Tedes todo o realizado e as actividades que facemos:
actividades referentes aos plans e proxectos de centro, na Biblioteca Escolar, actividades na contorna, actividades propotas desde as dinamizacións e saídas no noso blog de centro ...así que ESCANEADE o QR e botade un








2 Aulas:
PF XARDINARÍA











2 Aulas: PF XARDINARÍA

Neste curso levamos a cabo durante 2 trimestres o noso " Proxecto do galiñeiro" enmarcado no plan de centro "Voz Natura" e desde a Biblioteca Escolar responde a un obxectivo marcado no Proxecto de Patios Dinámicos e Inclusivos do PFPP do centro.
Comezamos investigando e seleccionando materiais e dándolles un novo uso, para construílo en partes e finalmente colocalo no seu emplazamento final.
O día 5 de maio de 2025 presentamos o noso traballo no centro empregando as TIC e a Lectura Fácil como soporte no seguemento da presentación para todos os asistentes.
Presentaremos este proxecto ao concurso de Traballo por Proxectos da Asesoría das Bibliotecas Escolares de Galicia neste 2025.
Botade un ollo no blog de STEAM da Biblioteca Escolar .













Para saber máis do noso GALIÑEIRO...Escanea o QR!



FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO






Este curso, tres alumnos/as do PF de Restauración (Joel, María e Iván) e tres do PF de Xardinaría (Marly, Lorena e Rico) realizaron as prácticas en empresas relacionadas coa súa formación.
PARABÉNS!







3 Especialidades: inglés








Durante este curso, empregamos elementos como os xogos de mesa e robots para traballar conceptos da lingua inglesa.

3 Especialidades: inglés





Tamén traballamos os contidos relacionados con aspectos culturais,como son Halloween, Christmas, Valentine's Day, St. Patrick's Day ou Easter.





3 Especialidades: inglés







EDUCACIÓN FÍSICA
























adiós ríos, adiós Fontes,
adiós regatos
adiós vista dos
non sei cando nos



adiós ríos, adiós Fontes,
adiós regatos pequenos,
adiós vista dos meus ollos,
non sei cando nos veremos.




























3 Especialidades: Relixión



Traballos realizados en Relixión Católica co alumnado onde lle damos prioridade á creatividade, liberdade de expresión e preferencias do alumnado.











3 Especialidades: Relixión













3 Especialidades:

Relixión














3 Especialidades: Audición e linguaxe


``O neno ten cen linguaxes, cen máns, cen pensamentos, cen formas de xogar, de falar, cen sempre cen formas de escoitar, de sorprender, de amar, cen alegrías para cantar e entender´´

Loris Malaguzzi

Este curso escolar 2024-25, as especilaistas de audición e linguaxe somos María Xesús e Nerea

A nosa labor está enfocada en previr alteracións na comunicación, o linguaxe e a fala do alumnado, e intervir nas que xa presentan para promover a máxima normalización no seu proceso de ensinanza aprendizaxe e a súa inclusión.

Existen diversas formas de comunicarse, e todos/as temos o dereito de facelo polo que como mestres/as debemos de xerar contextos, aportar recursos e ferramentas para que cada neno/a o faga, como amosamos nestas imaxes.










Empregando o xogo como canle de aprendizaxe e a través dos seus centros de interese, traballamos diversos aspectos relacionados co linguaxe e a comunicación: Conciencia fonolóxica, adquisición de vocabulario, lectoescritura, etc














GROVELAND LODGE
THE GREAT
OUTDOOR Co
NATIONAL PARK





Naturin






adidas

3 Especialidades: Música












3 Especialidades: Música









3 Especialidades: Música







4 Orientación

Neste curso 2024-2025 realizamos varias actividades de convivencia co alumnado do CEIP A Gándara.
Pasámolo moi ben.
Fixemos neve, debuxos máxicos, botellas máxicas, amasamos e comemos pizza e participamos nunha ximcana.



















5 Equipos:

Dinamización da lingua galega

O obxectivo que perseguiu este equipo durante o curso foi dinamizar o uso da lingua galega para o que se levaron a cabo diversas actividades durante o curso:

SAMAÍN













NADAL





ROSALÍA DE CASTRO



ENTROIDO



LETRAS GALEGAS




















5 Equipos: TIC



O equipo Tic estivo, neste curso 24/25, composto por *Uxia* do Grupo I e *David* de Xardinería. Algo, que na opinión de quen escribe, foi una moi acertadísima elección pois aos amplísimos coñecementos técnicos hai que engadir a súa elegancia e saber estar, facilmente observable cando deambulan polos corredores, coma perdidos ou sen rumbo.



**Suxestión de presentació*n. A foto podería non corresponderse exactamente coa realidade.

As principais labores do equipo neste curso pasaron polo mantemento e actualización dos equipos do Centro, servindo ademais de axuda para a elección de novos equipos.



Por motivos de seguridade, as reunións do equipo TIC foron na súa maioría secretas, en lugares e datas descoñecidas (en ocasións hasta para o propio equipo), de xeito que podemos presumir de que **non sufrimos ningún ciberataque neste curso**.

Púxose especial coidado en mellorar e ampliar os equipos co SO Windows dispoñibles pois na actualidade a Consellería emprega maqueta ABALAR.



Tamén desde a coordinación se administra e xestionan incidencias de aula virtual e páxina web.

Recordade que na web podes seguir a actualidade do Infanta e manterte informado.

Visitanos!!

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceeinfantaelena/

ou simplemente **escánea este código QR** co teu móbil e xa estarás dentro:

Subsección Polos Creativos.

A coordinación dos polos volveu recaer no técnico de xardinería, un *rapas* que podemos encontrar pululando polo Centro.

Este:



*Non confundir co do equipo TIC.

Este anos a dotación de polos fíxose realidade, así recibimos o equipo de **radio escolar, xogos de construción, kits de electricidade básica, de robótica e outras cousas chulas**; ademais comprometéronse desde Consellería en enviarnos a cortadora láser e a impresora 3D!!
Para poder ter un espazo para todo isto acondicionouse a aula sete.

En calquera caso, con equipamento ou sen el, **neste cole sempre fomos moi creativos**, e os Polos viñeron a complementar o traballo en STEAM que xa se ven realizando desde a biblioteca escolar.










CREADOR DE CANCIONES




matata
studio
matatalab
VinciB
Coding Robot Set




5 Equipos: Biblioteca

Este curso a nosa Biblioteca Escolar mudou o seu aspecto, organización e sinaléptica grazas ao **PLAMBE** (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) no cal levamos con este 3 cursos consecutivos.
A Biblioteca Escolar é agora máis **INCLUSIVA**, máis **INNOVADORA**, máis **ADAPTADA** a nosa **COMUNIDADE EDUCATIVA.** Falamos dun espazo acolledor compensador de desigualdades completemente accesible para tod@s.
Temos novos espazos como: árbore das contadas, espazo de xogo, espazo familias, novidades, buzón de suxerencias, e o ampliado espazo **MAKER.**







BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA









5 Equipos: Biblioteca

As actividades deste curso foron na liña do **FOMENTO DA LECTURA e mellora das COMPETENCIAS LECTORAS**, destacar as de caracter permanente como as **CONTADAS DOS XOVES** e o **GRUPO DE LECTURA FÁCIL**, as organizadas para traballar temas, plans e proxectos de centro, como o **MES DA CIENCIA EN GALEGO**, **MULLER** coma no Día de Rosalía de Castro, cultura e tradición, **O ENTROIDO ou LETRAS GALEGAS,** as competencias **STEAM** como as realizadas desde o **ESPAZO MAKER**, o empréstito e as mochilas viaxeiras como continuidade da **BIBLIOTECA ESCOLAR** no ámbito familiar**,** as realizadas en materia de **ALFABETIZACIÓNS MÚLTIPLES** e compensadoras de desigualdades, os ODS ou obxectivos da **Axenda 2030** e a formación de usuarios en materia de biblioteca.

























5 Equipos: Biblioteca



O TEATRO foi a estrela deste curso escolar pois como sabedes a Asesoría das Bibliotecas Escolares de Galicia propón cada curso un tema. Algunhas das actividades realizadas na **BIBLIO** foron:



TRABALLO DA ORALIDADE





CONTADAS



NOVIDADES DE TEATRO



MOCHILA VIAXEIRA TEATRO



LECTURAS DRAMATIZADAS



RADIO TEATRO
PROPOSTA NO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO



OBRADOIRO ARTUR TRILLO

5

Equipos: Biblioteca








O noso segundo curso consecutivo con **CLUB DE LECTURA**, o dos adultos e o de Lectura Fácil da rapazada dos PF de Xardinería e Restauración.
Este ano amais entramos no programa **CLUBS DE LECTURA** da Asesoría de Bibliotecas Escolares que grazas a súa dotación económica permitiu adquirir 5 títulos con 5 exemplares de cada un de 5 mulleres escritoras, para o club de adultos e crear o primeiro itinerario lector do club de alumnos amais de realizar un encontro con Antía Yáñez, a escritora galega.

CLUBS DE LECTURA







5 Equipos: Biblioteca





BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS

Voluntariado na Biblioteca Escolar

Neste 2024-25 formamos parte do plan da Asesoría de Bibliotecas Escolares, **Bibliotecas Escolares Solidarias** na modalidade de **VOLUNTARIADO NA BIBLIOTECA**.

O noso grupo de voluntarios e voluntarias é fundamental para o bo funcionamento, organización e éxito da **BIBLIOTECA ESCOLAR.**

Cada curso desde a coordinación e co bo facer dos voluntari@s imos formando a novos e novas voluntari@s da **BIBLIO.**


















5 Equipos: Biblioteca















Neste curso moita xente visitou a nosa **BIBLIO:** familias,a Directora Xeral de Innovación Educativa, a Xefa Territorial, a nosa Asesora de Bibliotecas Escolares, contadoras como Inma Soto, Susana da Libraría Agrasar, a escritora Antía Yáñez, actores como Artur Trillo...que deixaron a súa pegada no noso libro de visitas.

5 Equipos: Biblioteca





Neste 2024-25 a nosa Biblioteca Escolar tivo moitísima **VISIBILIDADE,** en novembro recibimos a visita da Dirección Xeral de Innovación a Xefatura Territorial e a Asesoría de Bibliotecas Escolares de Galicia, tamén fomos cabeceira en publicacións da Consellería como no **PLAMBE** e **CLUBS DE LECTURA**, programas dos cales somos parte.


Amais a nosa coordinadora acudiu as CFR de Vigo a falar de Lectura Inclusiva, as Xornadas Gálix en Santiago de Compostela, aos Encontros PLAMBE en Santiago de Compostela, ao 11º Encontro de Lectura Fácil en Tarragona en calidade de relatora e publicará un artigo sobre a Lectura Fácil na revista Eduga edición xuño 2025.














5 Equipos: Biblioteca

Este curso novamente a **BIBLIOTECA ESCOLAR** voltou a coordinar, colaborar e servir como apoio en diferentes plans e programas de centro así como cos equipos de Tics, Dinamización de Lingua Galega e Convivencia.

Damos as grazas novamente ao persoal docente e non docente do centro que o fixo posíbel, así como as librarías da contorna por o seu bo facer e colaboración (Agrasar, Fénix, Fedellos) e a libraría Conde de Celanova, ao colectivo do cal formamos parte **LEMOSLE,** por formar comunidade con nós, ao Equipo da Biblioteca Escolar (Luz, María e Isabel), por estar sempre por e para a biblio, e por suposto aos máis importantes: os nosos alumnos e alumnas porque sen o seu interese, ganas e traballo esta **BIBLIOTECA ESCOLAR** non sería o que é.



VOZ NATURA

INNOVA LAB

Blog da Biblioteca

o_recuncho_da_patilena



















5 Equipos: Extraescolares

Día 2 de abril
















Planetario



Casa da Fonte


































5 Equipos:Benestar e convivencia

``Se ensinamos aos nenos a aceptar a diversidade, non será preciso falar de inclusión senon de convivencia´´

Para acadar un correcto funcionamento do noso centro educativo, precisamos que todos/as os membros da comunidade educativa colaboren no mantemento dun bo clima de convivencia. Un dos obxectivos fundamentais a acadar co noso alumnado é que sexan cidadans activos na sociedade, e para isto, ademais de traballalo cada día dende as aulas, realizamos diversas actividades co fin de fomentar a inclusión do mesmo

- **Xornada de convivencia e celebración do magosto co alumnado do CPI Dr López Súarez de Friol**









5 Equipos:Benestar e convivencia

- **Celebramos o nadal cunha sesión de cine compartida cos residentes da asociación Agora e fixemos intercambio de postais navideñas co alumnado do CEE Santa María de lLugo.**







- **Festexamos o día do amor, elaborando un cariñograma no que todo o alumnado, atopou unha mensaxe de cariño dun/unha compañeiro/a**





6 Innovación:

RECOÑECEMENTO METEOESCOLAS EXCELENTES CURSO 2023-2024

Fomos seleccionados como Escola Excelente polo Plan Proxecta Meteoescolas no que traballamos todo o curso pasado realizando un proxecto interdisciplinar no que aprendemos moito sobre o clima e a meteoroloxía da nosa contorna.
Asistimos ao acto de recoñecemento das MeteoEscolas Excelentes que tivo lugar no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia en Santiago de Compostela. Alí recibimos un diploma, unha placa e varios agasallos máis.
Agradecemos a invitación e continuaremos traballando para poder asistir a estas xornadas os vindeiros anos.









RECOÑECEMENTO METEOESCOLAS EXCELENTES CURSO 2023-2024

A Xunta de Galicia recoñeceu a labor do noso centro en favor da proteción do medio ambiente. Fíxoo a través da responsable autonómica deste área, a conselleira Ángeles Vázquez, quen visitou uns talleres sobre clima e economía circular levados a cabo no colexio.
A conselleira agradeceu ao persoal o seu traballo diario e recordoulle ao alumnado que as pequenas accións son as que contribúen a acadar obxectivos maiores.







6 Innovación: Voz Natura

Neste curso aproveitamos a proposta da edición (coñecemento e uso da ciencia e o método científico para protexer o medio ambiente) e os retos lanzados desde Voz Natura para traballar co noso alumnado dinámicas que axuden a concienciar, a toda a comunidade educativa, sobre a necesidade de coidar o noso medio ambiente.

Desde a biblioteca escolar nas súas actividades de fomento da lectura crea unha mochila viaxeira Voz Natura con unha selección de libros con temática medio ambiental. Tamén se incorpora unha sección temporal na que se propoñen lecturas de carácter medio ambiental e solicitase ao CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia) unha maleta con diversos materiais bibliográficos para apoiar esta iniciativa.





La Voz de Galicia

FRANCISCO ALBO

Los alumnos del centro presentando los resultados de sus experimentos sobre el medio ambiente CEDIDA

El centro planea crear un banco de semillas para ofrecer a otros colegios dentro de las actividades de educación ambiental del programa Voz Natura

25 ene 2025 . Actualizado a las 18:15 h.

Durante o mes da Ciencia en Galego propuxéronse aos diferentes grupos unha serie de retos nos que a través da investigación poderíamos coñecer algúns dos actores que compoñen o noso medio ambiente mais próximo (árbores, flores, paxaros e clima).



Estes retos foron acompañados de diferentes experimentos elaborados polos grupos e que despois nos presentaron na biblio.



Tamén se elaboraron algunhas actividades en formato dixital (aula virtual) nas que mediante xogos de memoria ou de identificar fotografías poderíamos recoñecer diferente flora invasora en Galicia.





Finalmente traballase no proxecto anual presentado desde o centro e que consiste na creación dun banco de sementes e despois un pequeno viveiro de especies e variedades locais; comezouse en outono por recoller diferentes sementes de especies silvestres da contorna e das hortas do noso alumnado e familia.
Tamén se traballou en adecuar unha zona do noso patio para poder aviveirar a planta que se poida producir e que despois empregaremos para naturalizar o noso patio.











6 Innovación: Leo-lab


O programa Innova-Lab, busca mellorar os centros escolares mediante a implementación de proxectos de innovación educativa, enfocándose na mellora da competencia matemática e da comprensión lectora, na internacionalización do alumnado e mais na sostibilidade. Para logralo, os centros educativos participantes promoverán métodos de ensino dinámicos e innovadores a fin de mellorar os resultados académicos no noso caso do noso centro na mellora da comprensión lectora do alumnado.

Este curso 2024-25 solicitamos o Innova-Lab modalidade Leo-lab e foinos concedido. Adicamos o traballo a convinar as competencias lectoras xunto coas TIC.

Este proxecto é iniciativa da coordinación de TIC e a coordinación da Biblioteca Escolar do centro. Levouse a cabo amais grazas a participación das titorias, especialistas de audición e linguaxe, lingua inglesa e educación musical e persoal técnico dos programas formativos.






















ESCANEA PARA SABER MÁIS!

Información no Portal Educativo da Consellería de Educación

Blog do Proxecto na web do cole

6 Innovación: PFPP



Ao longo do curso 2024-25 no CEE Infanta Elena levamos a cabo un PFPP (Programa de Formación do Profesorado) con 2 liñas de 20 horas cada unha:



Liña Didáctica: Polos Creativos
Liña Dixital: SAACs e Tic

Escanea os códigos QR se queres saber máis !

7 Graduacións

Este ano, catro dos nosos alumnos gradúanse. Celebramos con eles o fin de unha etapa e o comezo dunha nova na que lles auguramos moita sorte!



Yoel



Iván





André



Rico

7 Xubilacións

Este curso, a tres membros do noso centro chegoulles o momento de retirarse e desfrutar da vida. O noso alumnado dedícalles unhas palabras para que comecen esa nova viaxe acompañados de todo o seu agarimo.



A Felisa, que foi directora deste centro durante tantos anos e ao que lle dedicou tanto esforzo e cariño, o alumnado do centro dedícalle as seguintes palabras:

"Ola, quérote moito e botámoste de menos. Eras a mellor directora do mundo e levareite sempre no corazón" Rico.

"Gústame porque é boa e porque me encanta" Leandro.

"Gústame porque é boa e divertida" Cristina.

"Bótoa moito de menos, foi moi boa conmigo" Dylan.

"Quérote moito, un beso" Lorena.

"Foi unha gran amiga e gracias por todo" Robert.

7 Xubilacións



A Isabel, que se esforzou durante tantos anos a que o noso alumnado desenvolvese todo o seu potencial e autonomía, dedícanlle as seguintes palabras:

"Fuches unha educadora amable comigo. Botareite moito de menos de menos" Robert.

"É boa, agradable e simpática comigo" Irlanda.

"Quérote moito" Adrián Geada.

"Ola, quérote moito. Es unha educadora moi boa" Lorena.

"Ola, botareite de menos. Eres a mellor educadora do mundo e sempre te levarei no corazón " Rico.

"Encántame, é unha rapaza fermosa e boa" Leandro.



A Carlos, que velou pola saúde do alumnado do centro, dedícanlle as seguintes palabras:

"Ola, quérote moito. Eres moi bo médico do cole. Levareite sempre no corazón" Rico.

"Encántame. É bo" Leandro.

"Ola, quérote moito. Es moi bo médico" Lorena.

"Quérote moito" Adrián Geada.

"É bo e axúdame cando teño dor" Irlanda.

"Gracias por cuidarme no ben e no mal. Sempre vou a seguir a dieta. Gracias Carlos, botareite de menos" Robert.

8 Comunidade educativa: Fisioterapia


Resumo da fisioterapia deste curso:







Abraham *continúa no proceso de conseguir melloras na bipedestación, aguantando como bó guerreiro todos os entropiezos que lle trae o seu destino*







Coñecendo ós nenos que acuden dende o colexio ***Á Gándara.*** *Andamos na procura de encontrar actividades que lles sexan do seu agrado e lles acarreen aspectos positivos.*

Incidindo na atención a dous casos de ***escoliosis,*** *deformidade estructural da columna vertebral caracterizada por unha curvatura anormal en forma de S.*

IMPORTANTE

Recordar a pais que a detección precoz en consultas pediátricas é clave para evitar que curvaturas leves se agraven.
É fundamental un control periódico nas idades próximas á puberdade, xa que é a etapa onde a progresión da curvatura é máis frecuente debido ao crecemento.






Sempre estaremos agradecidos da donación deste triciclo de adultos que fixo a familia de ***Robert*** *ó colexio.*
Dános moitas sesións de satisfacción ó mesmo tempo que traballamos a coordinación, a movilidade, a forza muscular....



Sesións de relaxación, que nos aportan descanso, relaxación muscular e unha axuda no control da ansiedade. Se ademais lle añadimos estiramentos como os que aporta o Pilates, aproveitamos os efectos que esta técnica acarrea na mellora da postura, na flexibilidade, na forza muscular e na prevención de lesións.









Tratamentos a petición do alumnado, ós cales algúns aficcionaronse.










Na fisioterapia infantil o xogo é unha ferramenta terapéutica. Mediante actividades lúdicas promóvese a rehabilitación, a prevención de lesións e a adquisición de hábitos posturais saudables facendo da terapia un proceso motivador para nenos en idade escolar.












*Enhoraboa a **Adrián Geada** polo seu gran esforzo na carreira de Sarria, e despedida agarimosa a **Joel** ,que é un dos rapaces que deixa este curso o colexio, pero de quen nos acordaremos nas datas das carreiras e, ben seguro, tamén él de nós.*


*Colaboración cunha mesa no comedor. Momentos que tamén unen dunha forma especial. E, en especial, recordamos a **Santi**, o camareiro máis eficiente que nos puido tocar. Gracias Santi. Que che vaia todo ben !.*



*Xubilación de **Felisa**, e con ela unha larga temporada de case 20 anos, da que destaco que me deu a liberdade e a confianza que me permitiron desenvolver as ideas que fun tendo.*




*O falecemento do coidador **Juan** meréceme mención especial porque a parte de ser meu veciño en Guntín, quero recoñecerlle a sua gran disposición para os deportes e o seu carácter calmado, ingredientes que fixeron que disfrutáramos de divertidos partidos cos chavales do centro durante varios cursos.*

E cerro o capítulo deste curso desexándovos un verán cheo de aventuras.



8 Educadoras



Aprendemos a ser autónomos

Unha das funcións dos educadores de EE é a de dar apoio ao alumnado con NEAE nos centros educativos de EE colaborando cos profesores e especialistas no desenvolvemento das habilidades físicas, cognitivas e sensoriais dos alumnos con diversidade funcional.

No CEE Infanta Elena traballamos tres educadoras, dúas no internado e outra en horario lectivo do colexio. As tres temos como obxectivo principal e prioritario fomentar nos alumnos/as habilidades básicas en autonomía persoal, nas actividades da vida diaria (AVD) e a nivel social.

Para acadar este obxectivo realizanse tarefas a nivel individual e en pequeno grupo priorizando a importancia de dar unha resposta educativa acorde as súas necesidades.

Existe unha idea errónea e bastante xeralizada de que a autonomía persoal redúcese a actividades de hixiene e vestido, nada máis lonxe da realidade, este concepto tamén abarca unha serie de destrezas e habilidades como os PBB (percepción, atención e memoria), coordinación óculo-manual, psicomotricidade fina, ... para que nun futuro poidan controlar, afrontar e tomar decisións persoais por propia iniciativa acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias, así como realizar actividades básicas da vida diaria que lles permitan un desenvolvemento mínimo e independiente: hixiene persoal, actividades básicas no fogar, mobilidade esencial, comprensión e execución de ordes sinxelas, rutinas instrumentais básicas coa finalidade de adquirir algunha noción sobre o uso e manexo do euro, ler a hora no reloxo ou buscar a data no almanaque...sen esquecer a socialización promovendo e facilitando as relacións interpersoais, o respecto á persoa, aos animais, ás normas sociais e o o medio ambiente.

A continuación plasmamos en imaxes algunha actividades realizadas para acadar os obxectivos antes propostos:

MOTRICIDADE FINA



TRABALLO NO COMEDOR



COÑECENDO A CONTORNA



OCIO



APRENDEMOS A MANEXAR O EURO



FACENDO A CAMA, DOBRANDO A ROUPA...



8 Coidadores e coidadoras



Para unha grande parte da poboación somos coñecidos como “coidadores”¸ mentres que outra porcentaxe máis reducida se refire a nós como ATES (axudantes técnicos educativos), pero, con independencia do termo que empreguemos, encaixamos dentro dun perfil profesional de carácter educativo no que as nosas funcións van máis alá das meramente asistenciais.

Desenvolvemos o noso traballo con alumnos con necesidades educativas especiais, o que implica unha actuación directa e cercana cos mesmos, que conleva identificar as súas carencias físicas e emocionais para poder ofrecerlles unha resposta o máis axeitada posible, dentro dos coñecementos e recursos dos que dispoñemos.

Tentamos ofrecer unha atención personalizada, centrándonos nas peculiaridades de cada un ou cada unha e aumentando a súa autonomía, que é un dos obxectivos fundamentais do noso traballo diario.

Cada espazo pode converterse nun lugar axeitado para levar a cabo unha nova aprendizaxe que, con dedicación e esforzo, nos axuda a conseguir un desenvolvemento persoal , tanto dos cativos e cativas coma noso propio.


Por todo o exposto, pensamos que a nosa figura é un eixo importante dentro da comunidade educativa, brindando apoio e traballando en conxunto co resto de profesionais que a forman. Estamos inmersos no inquedante mundo da educación, no que poñemos un grande empeño como figura profesional implicada e necesaria.



E para darlle remate ao artigo, gustaríanos adicarlle esta pequena reflexión a Juan, que tristemente nos deixou neste curso. Moitas grazas polo tempo compartido. Eras un magnífico coidador , mellor persoa e excelente compañeiro.
Sempre terás un oco neste colexio, no noso recordo e no corazón de todos nós.



9 Internado



Transcurriron xa nove meses dende o comezo deste curso. Sen darnos apenas conta, estamos moi preto das vacacións de verán e tócanos falar un ano máis do internado.
É comprensible que, nun primeiro momento, para as familias resulte moi dura a idea de deixar os seus fillos neste tipo de réxime. Seguramente sexa unha das últimas opcións que barallen, case imposible.
Inconscientemente, concibimos a vida no internado como unha serie de rutinas ríxidas, moi disciplinadas e carentes do afecto e do calor dos nosos fogares. Se a este pensamento lle engadimos as características especiais de cada neno, o medo a optar por esta forma educativa é razonable que aumente.
Sen embargo, para a tranquilidade de todos vós, queremos dicirvos que os nosos nenos (como así lles chamamos) viven felices no internado; rodeados de cariño, comprensión e apoio por parte de tódolos profesionais que con mimo os coidamos. Procuramos sempre o seu máximo desenvolvemento , pero sen esquecer as necesidades individuais que cada un ten.
Agora, sen máis demora, falámosvos un pouquiño destes sete compoñentes esenciais que conformaron a familia do internado durante o curso 2024/25:

Iván:

Podemos definilo como “a alegría da nosa horta”. Sempre está contento, faladeiro e de bo humor. Transmite optimismo e ledicia por cada poro da pel. A actividade que máis lle gusta é, sen dúbida, camiñar. Non o frea o mal tempo nin a choiva. Case diariamente sae pasear, podendo ser, ao centro do pobo; gústalle “a cidade”, como di el.
Fai pouco cumpriu un dos seus soños máis prezados: ser socio da rede de bibliotecas.







Ainhoa:

É unha rapaza sensible e cariñosa que atopou calma e sosego entre nós. Chegou cun halo de misterio que pronto transformou en tenrura e carácter, a partes iguais. Protectora con uns, esixente con outros, pero sempre disposta a axudar e compartir cos seus compañeiros. Coincide con Iván na súa aficción a saír. Reláxase cunha boa camiñata e degustando un cafeciño no pobo. Lectora insaciable e detallista con todos aqueles que quere. En resumo, unha moza con apariencia “dura”, pero cun grande corazón.

Dani:

Resulta ser tamén “un cordeiriño con pel de lobo”. Nun primeiro contacto dá a impresión de neno arisco e pouco agarimoso, pero nas distancias curtas case nos esgana cos seus abrazos. Aínda que sae de vez en cando, encántalle quedar no internado facendo xogos de auga, botando unha partida de xadrez co médico do centro ou facendo “artes marciais” coa cociñeira Raquel. É un moi bo debuxante e pouco amigo das fotos, por iso temos que agradecerlle que posase para estas.



Leo:

Sempre ten un sorriso no rostro e nunca unha queixa. As súas preferencias dependen de cada día, tan pronto gusta de ir pasear polos arredores e ver animais, como se anima a baixar ao pobo e tomar algo cos seus compañeiros. Soe participar das actividades que propoñemos, pero o que máis disfruta é acurrucarse un cachiño na súa cama tan pronto sube de merendar.





André:

Mantennos expectantes cada día. Grazas a
nosa capacidade de improvisación. Unhas veces, ao rematar a merenda, saímos con apuro visitar os arredores do colexio e darlle pan aos animais que atopamos. Outras, subimos coma foguetes as escaleiras que van ao seu cuarto para descansar un bo anaco. Encántanlle os animais, os himnos de fútbol, as películas de Disney e… se por el fose, habería cumpres tódolos días para degustar unha rica “torta”.

Irlanda:

É a nosa princesiña do internado. Inmensamente agarimosa, sempre ten apertas e bicos para todos; a dozura personificada. Mal acostuma aos compañeiros poñendo sempre a mesa de xeito voluntario. As súas paixóns
son os vestidos e pintar as uñas. Se fose posible, comería sempre polo. Aínda que sae camiñar de cando en vez, prefire quedar no centro xogando, facendo puzzles… pero, sobre todo, vendo debuxos no ordenador, sempre cos seus auriculares.






Iker:

Recibímolo con moita ilusión e intentamos que se sentira coma na súa casa, sen embargo, pasou moi poucos días con nós. Para cando decida voltar, estaremos preparados con música do grupo Beatriz, un dos seus favoritos, teremos memorizadas unha chea de bandeiras e saberemos facer fronte aos temas de política e crónica social que tanto lle interesan.

Como vos adiantabamos antes, estas son as sete persoas máis importantes do internado. Todos diferentes, coas súas peculiaridades, pero cun poder de adaptación admirable e capaces de convivir en armonía cinco días á semana. Desexamos que pasarades un ratiño agradable e voltamos o vindeiro curso.











CEE INFANTA ELENA